



Algunhas ilustracións do *Animalario*. // Arni e Wolf

Outros tigres e leóns

LIX Primitivismo, inxenuidade e sinxeleza nun libro para posuír e para compartir un día e outro cos fillos

Animalario (Arte da India) · K. Arni e G. Wolf
(intro e notas) e P. Martínez
(tradución) · Factoría K,
2006 · 92 páx · 34 euros



Alcalidade de primitivismo, inxenuidade e sinxeleza, pero tamén de sutileza e ambición expresiva das belísimas imaxes deste libro xunto co feito de poderen ser contempladas como o final do camiño que percorreu a historia da arte para dar de novo na súa orixe, podería ser o que está detrás de que unha empresa editorial que todos coñecemos pola súa dedicación ao álbum ilustrado infantil se decida a incorporar esta obra ao seu catálogo.


O libro ábrese cun interesante e esclarecedor estudo sobre a arte comunitaria india pola cal nos achegamos a orixes, formas, estilos e escolas representadas nas trinta e catro imaxes, incluíndo gardas e portadilla, que contén.

Nestas obras atoparemos tigres que nos miran de fronte, leóns que amezan máis co seu ollo que nos olla que coas súas fauces abertas ou cervos de sorprendente elegancia e estilización; xunto ao elefante belamente ataviado e, iso si, co seu ollo frontal. Leóns de melena que remata en coroa e actitude de representación heráldica; outros elefantes de altiva planta que parecen pisar flores, cobras que máis que descender nacen das árbores. Pero é o apartado da arte tribal, aquel, a dicir da introdución e das notas, que mellor e con máis vocación representa a unión entre o home e a natureza onde atopamos actitudes nos animais que nos fan entrever o papel da memoria na idealización dos animais, xa que certas escenas parecen momentos de recordo que se fan presentes. Dous tigres que uniformizan os seus volumes no xogo-loita creando suaves curvas que restan dramatismo á escena e resoltos en escamas de vermello, amarelo e prata; máis adiante dous cervos suspendidos nun revoar ou elevación amorosa sobre un aire de luces brancas –vermellas na cuberta–; un búfalo e un lagarto, festa de puntos que fan escamas ou liñas en distribución de vermellos, verdes, azuis

ou ocre que marcan partes e formas; fermosos touros que xorden do silencio da prata para abrir o estrondo do choque das cornas, frío nos corpos e faíscas de lume no encontro.

En fin, un libro para posuír e para compartir cos fillos, porque é dos de mirar un día e outro para ir descubrindo nestes animais novas expresións, outros movementos nos seus corpos, actitudes descoñecidas na súa presenza á vez que construímos camiños de narración, ese elemento literario que as imaxes transportan máis aló das inexistentes palabras.

// **Xabier P. DoCampo**



Unha de bechos

LIX Sesenta animalíños pouco comúns cos que Carlos López e David Pintor levaron o Merlín 2007

Minimaladas · Carlos López Gómez e David Pintor (ilustración) · Xerais, 2007 · 64 páx · 12 euros



O pasado mes de xuño os bechos invadiron a vinte e tres edición do premio Merlín da editorial Xerais. A todos aqueles lectores que neste momento están pensando que o galardón foi recaer na típica historia de coellos que falan, gatos malvados que perseguen ratos que son máis listos ca eles ou cans que pasan por infinidade de aventuras, direselles que están moi equivocados. As *Minimaladas* que Carlos López escribiu están moi lonxe de toda a bichocada que actualmente poboia con demasiada frecuencia e non sempre con moi boa fortuna os libros para os máis cativos.

Nesta ocasión os protagonistas son nin máis nin menos que sesenta animalíños, que van dende a balea que co seu chafariz a pleno rendemento reconece o moito que lle gusta cantar na ducha ata o ca-

maleón que pensa erroneamente que non pode cambiar de cor, pasando por un cuco xubilado que só canta a primavera en punto, unha avéspora larpeira que xa está engordando de máis ou unha lura moi alegre que zarrapica todo coa súa tinta de cores, entre outros.

O autor consegue en moi poucas liñas, cunha grande imaxinación e dunha maneira moi orixinal, fresca e ó mesmo tempo sinxela destacar unha das características do becho en cuestión. Non inventa nada novo, aí está o mellor do asunto, limítase a evocar no lector imaxes curiosas valéndose sobre todo do emprego da linguaxe como se dun xogo se tratara.

Se o texto é importante, non o son menos as ilustracións de David Pintor. Están ilustrados todos os nosos bechos: a enorme balea, a pequena xoaniña, a riseira hiena... e o espectacular galo que non sabe cantar. Todos e cada un deles ocupan un lugar destacado na súa páxina. Aínda que a priori pensemos que tanto debuxo poida chegar a ser excesivo, o resultado final

é moi agradable, xa que as ilustracións non son nada recargadas, destacan pola súa sinxeleza, as diferenzas no tamaño e as cores. Aparece maioritariamente unha ampla gama de brancos e grises, con pequenas pinceladas de tonalidades máis rechamantes que conseguen proporcionarlles gran vivacidade e alegría ós debuxos.

Para unha ocasión tan importante como é a publicación do premio Merlín do 2007, a editorial Xerais puxo un grande interese en coidar ó máximo toda a edición deste librinho para os máis pequenos da casa, a sabendas de que eles son os futuros lectores que hai que coidar e conquistar. Publicado con pastas duras e cun formato un pouco máis grande do habitual nas anteriores edicións do premio, consegue un moi bo resultado, un libro co que pequenos e non tan pequenos podemos pasar moi bos momentos, desenvolvendo a nosa imaxinación sen que en ningún momento deixemos de ter un sorriso nos labios.

// **Ana Amado**